



“BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO A PRAZAS DE PERSONAL LABORAL TEMPORAL DO EXCMO. CONCELLO DE SOBER, PARA LEVAR A CABO CONTRATACIÓNS A TRAVÉS DAS DISTINTAS BASES REGULADORAS ANUAIS DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACION COS CONCELLOS DA EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO. (PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO) .

PRIMEIRA.

- OBXECTO.

O obxecto destas bases específicas é a regulación dun procedemento específico para o acceso a prazas vacantes de personal laboral temporal, do Excmo. Concello de Sober, subvencionado anualmente a través das distintas bases reguladoras anuais dos Planes Provinciais únicos de Cooperación cos concellos, da Excelentísima Deputación Provincial de Lugo; coa finalidade de levar a cabo a execución de obras, servizos e creación de emprego a través do programa de Fomento do Emprego.

SEGUNDA.-CONTIDO MÍNIMO DE CADA CONVOCATORIA.

En cada convocatoria deberá figurar:

- 1º.- Denominación do posto, con referencia no caso de ser necesario á clase, rama, especialidade e demais características propias do posto.
- 2º.-Prazo e duración do contrato.
- 3º.-Requisitos, titulacións e outras condicións específicas que deben reunir os aspirantes.
- 4º-Data e Lugar da realización da proba de coñecementos e valoración de méritos.
- 5º-Data e lugar da realización da proba de coñecementos e valoración de méritos.
- 6º-Composición do tribunal cualificador.
- 7º-Prazo de presentación de instancias.

Prazas ofertadas ano 2018:

- 1 praza de auxiliar administrativo, contratos de 9 meses, 50% de xornada.
- 1 praza de peón pintor, contrato de 6 meses, 50% de xornada.
- 1 praza de técnico/a de turismo, contrato 6 meses, 50 % de xornada.
- 1 praza de auxiliar de viticultura, contrato de 6 meses, 50 % de xornada.
- 1 praza monitor/a multidisciplinar deportes, contrato de 6 meses, 50% de xornada.
- 1 praza de técnico/a en informática, contrato de 9 meses, 75 % de xornada.
- 1 praza de técnico medioambiente, 6 meses 50 % xornada.
- 1 praza de auxiliar de protección civil, 5 meses 50 % xornada.
- 1 praza de conductor-a tractor desbrozadora, contrato de 3 meses, 75 % de xornada.

TERCEIRA.-PUBLICIDADE.

Estas bases xerais serán obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Os anuncios das convocatorias publicaranse no taboleiros de anuncios do Concello, e na páxina WEB municipal WWW.concellodesober.com.

CUARTA.-REQUISITOS DO PERSOAL ASPIRANTE.

Para tomar parte nas probas selectivas, os aspirantes deberán reunir os requisitos que se establezan en cada convocatoria, relativos a titulación e demais requisitos específicos que en cada caso se establezan, e presentarán a súa solicitude de participación na forma establecida no anexo I destas bases, ao que deberán acompañar copia compulsada do DNI ou documento equivalente, así como copia compulsada do título académico esixido, e demais documentación a aportar polo particular a efectos da súa valoración na fase de valoración de méritos. Tendo en conta que as persoas a contratar a través deste programa deben producir novas contratacións no concello, e polo que, a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego para os casos en que a xornada de traballo sexa igual ou inferior o 50% da xornada,.

QUINTA.-PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.

En cada convocatoria deberá regularse o prazo para a presentación de instancias, que nunca será superior a dez días hábiles. Ó día seguinte ó remate do prazo establecido, publicarase na páxina web WWW.concellodesober.com a lista de admitidos e excluídos (motivando as razóns que levaron a súa exclusión). No caso de existir solicitudes de participación excluídas otorgarase un prazo de

dous días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación da lista de admitidos e excluídos para a subsanación das deficiencias atopadas. Unha vez transcurrido o prazo de subsanación procederase a publicación na páxina web WWW.concellodesober.com da lista definitiva de admitidos. De non existir solicitudes de participación excluídas a lista publicada ó día seguinte do remate do prazo establecido para a presentación de instancias terá carácter definitivo.

SEXTA.-TRIBUNAIS CUALIFICADORES.

A selección de persoal laboral temporal para cada praza realizarase mediante un Tribunal cualificador composto por cinco membros (Presidente, secretario e tres vocais), os cales se designarán en cada convocatoria. Podendo formar parte deste tribunal, personal do Concello de Sober, da Xunta de Galicia, da Excelentísima Diputación Provincial de Lugo, ou doutros organismos públicos que cumplan a legalidade vixente para este fin. O tribunal non poderá constituírse con menos de tres membros.

SÉTIMA.-PROBAS DOS PROCEDEMENTOS SELECTIVOS.

A selección farase mediante a realización das seguintes probas:

- a) Proba de coñecementos.
- b) Valoración de méritos alegados polos interesados.
- c) Valoración de pertenza a colectivo especial.
- d) Entrevista personal.

OITAVA.- DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS.

A) A proba de coñecementos, consistirá nun exercicio tipo test de 10 preguntas que versará sobre coñecementos específicos relacionados coas funcións e tarefas a desenvolver. **Cualificarase de 0 a 4 puntos.** Este exercicio terá carácter eliminatorio, sendo necesario para supera-lo obter un mínimo de 2 puntos. O tempo máximo para a realización desta proba será de 30 minutos.

B) Valoración de méritos:

Experiencia profesional:

Puntuarase con 0.10 por cada mes des servizos prestados nunha Administración Pública nun posto de iguais ou similares características.

Puntuarase con 0.05 puntos por cada mes de servizos prestados nunha empresa privada nun posto de iguais ou similares características.

Poderán alcanzarse pola experiencia profesional ata un máximo de 2,5 puntos. Para a puntuación dos méritos de experiencia profesional presentarase certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, ou no seu caso certificación de tempo traballado expedida pola Administración Pública ou empresa na que se prestaran os servizos.

-Formación profesional.

Valoraranse os cursos de formación e perfeccionamento, expedidos ou homologados por organismos oficiais, directamente relacionados coas funcións propias da praza convocada, acreditados con certificación ou diploma, dacordo coa seguinte puntuación.

- Ata 20 horas de duración 0,10 puntos.
- De 21 a 50 horas de duración 0,20 puntos.
- De 51 a 100 horas de duración 0,30 puntos.
- De 101 ou mais horas de duración 0,40 puntos.

Como máximo poderán alcanzarse por formación profesional 1,5 puntos.

-Cursos de coñecemento da lingua galega expedidos ou homologados por organismos oficiais.

Ata un máximo 0,5 puntos.

-Nivel básico ou medio: 0.25 puntos.

-Nivel superior: 0.5 puntos.

C).-Valoración da pertenza a colectivo especial:

Puntuárase con 1,5 puntos, a pertenza do candidato/a a un colectivo con dificultades integración laboral, tales como: mulleres, maiores de 45 anos, persoas con discapacidade, parados de longo duración, persoas vítimas de violencia de xénero e outros que se recollan na normativa sectorial vixente.

D).-Entrevista persoal, versará sobre o coñecemento das aptitudes ou habilidades persoais para o desempeño do posto de traballo. Realizarase no lugar e data sinalada na convocatoria, e a súa realización terá lugar por chamamento por orden alfabético de nome e apelido dos aspirantes.

Esta entrevista valorarase cunha puntuación **máxima de 2 puntos.**

NOVENA.- RELACIÓN DE APROBADOS.

Rematado proceso selectivo, o tribunal levantará acta coa relación da puntuación obtida por cada aspirante, a cal se publicará na tablón de anuncios do Concello e na páxina WEB municipal www.concellodesober.com, acto seguido, e no prazo máximo de dous días hábiles, por resolución de Alcaldía, declaranse superadas as probas selectivas a un total de persoas que nunca superará o total de postos de traballo ofertados, e no prazo máximo de dez días hábiles, procederase á sinatura do respectivo contrato, comezando o traballador a prestar os seus servizos no Concello de Sober.

DÉCIMA.- RÉXIME DE RECURSOS.

Estas bases específicas, as convocatorias e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999.

DISPOSICIÓN FINAL.

Estas bases entrarán en vigor o día seguinte ó da súa publicación no BOP, e deregorán cantas disposicións do mesmo carácter foran aprobadas polo Concello de Sober con anterioridade á súa entrada en vigor, e en particular as "Bases xerais para o acceso a prazas de persoal laboral temporal do Exmo. Concello de Sober, para levar a cabo contratacións a través dos distintos convenios anuais asinados coa Excelentísima Deputación de Lugo para a execución de obras, servizos e creación de emprego ao abeiro do Programa Depuemprego ano 2017.

ANEXO. I.-SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO.

I.-DATOS DO EMPREGO QUE SOLICITO

DENOMINACIÓN DO EMPREGO AO QUE SE OPTA.

RÉXIME XURÍDICO: PERSOAL LABORAL TEMPORAL.

II.-DATOS PERSOAIS

PRIMER APELIDO:

SEGUNDO APELIDO:

NOME:

DNI:

TELEFONO:

DOMICILIO AOS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:

Declaro responsablemente: Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, e en concreto os seguintes:

a)Ter nacionalidade española, comunitaria ou asimilada.

b)Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

c)Posuir capacidade funcional para o desempeño das tarefas do emprego ao que aspiro.

d)Non estar inhabilitado nin suspendido para o exercicio de función públicas e non ter sido separado do servizo dunha Administración Pública.

SOLICITO: Ser admitido na presente convocatoria ao fin de participar no proceso selectivo.

Sober a _____ de _____ de 20__

Asdo_____

O Alcalde
Luis Fernández Guitián.



CONCELLO DE SOBER. LUGO.

SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL

CONVOCATORIA: 1 praza. Auxiliar adiministrativo-a. Grupo 7. Dacordo co Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos da Excelentísima Deputación Provincial de Lugo. 2018. (Programa FOMENTO DO EMPREGO).

POSTOS: 1.

MODALIDADE CONTRACTUAL: Contrato temporal. 9 meses. 50% xornada.

DURACIÓN DO CONTRATO: 9 meses.

TITULACIÓN ESIXIDA:

Graduado Escolar.

CRITERIOS DE SELECCIÓN: Os establecidos nas bases específicas para o acceso as prazas de persoal laboral temporal do Excelentísimo concello de Sober, para levar a cabo contratacións a través das distintas bases reguladoras anuais do Plan Provincial Único de cooperación cos concellos da Excelentísima Deputación Provincial de Lugo. (Programa Fomento do Emprego). Publicadas no BOP da Provincial de Lugo nº 167, de data de 21 de xullo de 2018. A situación ou procedencia dos candidatos deberá provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego para os casos en que a xornada de traballo sexa igual ou inferior o 50 % da xornada.

PAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS: 6 días naturais dende a data de publicación da presente convocatória.

DATA REALIZACIÓN DE PROBA DE COÑECEMENTOS, VALORACIÓN DE MÉRITOS E ENTREVISTA PERSOAL: Sin determinar.

TRIBUNAL CUALIFICADOR: **Presidente:** María Mercedes Casares Vázquez, Auxiliar administrativo concello Sober, **Secretaria:** Nadía Díaz Vázquez, Secretaria concello de Sober; **Vocal I:** María Luisa Fernández Fernández, Administrativo concello de Pantón; **Vocal II:** Carlos Losada Rodríguez. ADL concello Sober. **Vocal III:** Francisco Javier González Díaz, técnico concello de Pantón.

O tribunal non poderá constituirse con menos de tres compoñentes.

En Sober, na data que figura ao marxe do documento.

O Alcalde-Presidente

Luis Fernández Guitián.